

Martes, 5 de xullo de 2022

Núm. 127

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEAREAS**Oferta de emprego público***CORRECCIÓN DE ERROS DA OFERTA EMPREGO PÚBLICO**ANUNCIO*
*DECRETO DE ALCALDÍA**CORRECCIÓN ERROS OFERTA EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA ESTABILIZACIÓN*

1.- Visto o Decreto de Alcaldía 2022-0982 de 10 de maio de 2022 mediante o que se aproba a Oferta de Emprego Público Extraordinaria de Estabilización correspondente ao ano 2022, publicada no BOPPO núm. 93 de data 16/05/2022 e no DOG núm. 97 de data 20/05/2022.

2.- Vista que a praza nº 01.04.00.03 debe ir polo procedemento de selección concurso-oposición segundo o artigo 2º da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e non se especificou correctamente.

3.- Visto que se cometeu un erro material ao relacionar as prazas pondo “posto” onde debería por “denominación”.

4.- Visto que nas publicación dos anuncios de aprobación da Oferta de Emprego Público Extraordinaria de Estabilización correspondente ao ano 2022, omitiuse o pé de recurso, que si figura no Decreto de aprobación da mencionada Oferta de Emprego Público.

Esta Alcaldía en base ás competencias establecidas na Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local e ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, onde se establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

RESOLVO:

1.- Avocar para min, en este asunto en concreto, as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, por motivos de urxencia na tramitación, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.868/1986, de 28 de novembro.

2.- Rectificar o Decreto da Alcaldía 2022-0982, debendo facer constar que o procedemento de selección para a praza nº 01.04.00.03, Grupo: C1; Escala: Administración Xeral; Subescala: Administrativo; Denominación Oficial Administrativo, será o de concurso-oposición, segundo o establecido no artigo 2º da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade do emprego público.



Martes, 5 de xullo de 2022

Núm. 127

3.- Na enumeración das prazas obxecto da Oferta de Emprego, onde pon “posto” deberá dicir “denominación”.

4.- Aprobar o cadro completo da OPE de estabilización coas correccións que se sinalan e que se insiren, tendo en conta que seguintes prazas que se inclúen na Oferta Extraordinaria de Estabilización de Emprego 2022 adecúanse ao disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Inclúense prazas de natureza estrutural que cumpren cos requisitos establecidos por esta lei. No caso de que as persoas que as ocupan na actualidade se presenten e superen o proceso selectivo correspondente, estabilizarán o vínculo xurídico que teñen co Concello: o persoal laboral temporal (incluído o indefinido non fixo) pasará a ter natureza de persoal laboral fixo; e de conformidade coa disposición transitoria 1ª da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o suposto de que estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, poderá seguir realizándoas ou desempeñándoas.

5.- Que se publique a presente corrección de erros da oferta de emprego na Sede Electrónica do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, quedando a mesma tal e como se inxire a continuación.

6.- Incluír na publicación dos anuncios de aprobación da Oferta de Emprego Público Extraordinaria de Estabilización correspondente ao ano 2022, os recursos que poderán interpoñer os interesados.

Oferta Extraordinaria de Estabilización de Emprego 2022: Prazas de persoal laboral

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO CONVENIO	SUBGRUPO	PRAZAS RESERVA MINUSVALÍA	PROCESO SELECCIÓN
PEDAGOGO/A	1	1	1.1		Concurso Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021
RESPONSABLE DO ARQUIVO	1	1	1.1	1	
LOGOPEDISTA	1	1	1.2		
ORIENTADOR/A LABORAL	1	1	1.2		
PROFESOR/A DE MÚSICA	19	1	1.2		
COORDINADOR/A DE SERVIZOS AUXILIARES INTERNOS	1	2	2.1		
COORDINADOR/A DA UNIDADE	1	2	2.1		
TÉCNICO/A SUPERIOR EN EDUCACIÓN INFANTIL	10	2	2.2		
COCIÑEIRO/A	1	2	2.3		
OFICIAL-OFIOS VARIOS	1	2	2.3		
RESPONSABLE DE EMERXENCIAS	1	2	2.3		
AUXILIAR POLICIA	1	3	2		
CONDUTOR/A PALISTA	1	3	3.1		
PERSOAL DE EMERXENCIAS	5	3	3.1		
AUXILIAR DE BIBLIOTECA	2	3	3.2		
AUXILIAR DE AXUDA FOGAR	1	3	3.3		

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:W5VRKPXQRRRT6ZEG8



Martes, 5 de xullo de 2022

Núm. 127

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO CONVENIO	SUBGRUPO	PRAZAS RESERVA MINUSVALÍA	PROCESO SELECCIÓN
CONSERXE	2	4	4		
LIMPADOR/A	3	4	4		
NOTIFICADOR/A	1	4	4		
OFICIOS VARIOS	1	4	4		
OFICIOS VARIOS - OF. 3ª	1	4	4		
OFICIOS VARIOS - PEÓN DE VÍAS E OBRAS	1	4	4		
OFICIOS VARIOS - PEÓN ENCARGADO LIMPEZA	1	4	4		
OFICIOS VARIOS - VIXIANTE	1	4	4	1	
OFICIOS VARIOS - VIXIANTE BASUREIRO	1	4	4		

Oferta Extraordinaria de Estabilización de Empleo 2022: Prazas de funcionarios:

GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	PRAZAS RESERVA MINUSVALÍA	PROCESO SELECCIÓN
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	ARQUITECTO/A	1		<p>Todas as prazas serán por Concurso segundo a Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, e Disposición Adicional 8ª para a praza 04.01.01.23, de oficial advo. C1, agás a praza 01.04.00.03 de oficial advo. C1 que será por Concurso-Oposición segundo o Artigo 2º Lei 20/2021.</p>
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	1		
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	PEDAGOGO/A	1		
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	DIRECTOR/A ASESOR/A PSICOLÓXICO/A CIM	1		
A1	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA/XESTIÓN	RESPONSABLE OMIC/ASESOR XURÍDICO CIM	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	EDUCADOR/A FAMILIAR	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	TRABALLADOR/A SOCIAL	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO	1		

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:W5VRKPXQRRRT6ZEG8



Martes, 5 de xullo de 2022

Núm. 127

GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	PRAZAS RESERVA MINUSVALÍA	PROCESO SELECCIÓN
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	XEFE/A DE DEPARTAMENTO - TRABALLADORA SOCIAL	1		
A2	ADMINISTRACIÓN XERAL	XESTIÓN	TÉCNICA MEDIA A.E.D.L.	1		
A2	ADMINISTRACIÓN XERAL	XESTIÓN	RESPONSABLE DO DEPARTAMENTO DE RECURSOS HUMANOS	1		
C1	ADMINISTRACIÓN XERAL	ADMINISTRATIVA	OFICIAL ADMINISTRATIVO/A	6		
C2	ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR	OFICIAL ADMINISTRATIVO/A	15	2	

Todas as prazas estaban previamente incluídas na Oferta de Emprego Público do 2020, salvo as seguintes:

CÓDIGO	CATEGORÍA/DENOMINACIÓN
04.01.01.25	AUXILIAR POLICÍA
03.01.00.08	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A
01.04.00.03	OFICIAL ADMINISTRATIVO/A
04.01.01.23	
02.02.05.20	

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso -administrativo



Martes, 5 de xullo de 2022

Núm. 127

ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Pontearreas, 17 de xuño de 2022, documento asinado electronicamente.

Mándao e o asina, A Alcaldesa

M^a Cristna Fernández Davila

